

Comunicado nº 041/17  
20 de febreiro de 2017

#### **REUNIÓN PRESIDENTES.**

O pasado día 18 de Febreiro reuníronse os dezasete Presidentes Autonómicos co novo Presidente da “Real Federación Española de Automovilismo”, na sede do Consello Superior de Deportes, para achegar puntos de vista e de encontro para os Campionatos Estatais e Autonómicos. Asimesmo debatiuse o tanto por cento a repartir, entre a Federación Estatal e as Autonómicas, das licenzas Autonómicas Únicas. Despois da presentación de varias propostas aprobouse por unanimidade a proposta presentada pola “Federación Galega de Automobilismo”, que cumpre amplamente a Orde Ministerial da inicial aprobación de alomenos os dous tercios dos Presidentes das Federacións Autonómicas.

O seguinte paso é a aprobación e refrendo da Asemblea da “Real Federación Española de Automovilismo” o vindeiro 4 de marzo de 2017. O acordo é estable, para tódala lexislatura, e de satisfacción para tódalas partes.

